

BANDO

XOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MENDEZ,

ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DAS NEVES (PONTEVEDRA)

Fai saber:

Que o día 1 de xuño de 2016 foi aprobado o expediente de contratación por procedemento negociado sen publicidade da concesión-explotación administrativa de uso privativo da cafetería do Centro Social “Marcial Diz Garrido”, cun canon anual de 2.526,00 euros (210,50 euros/mes), que poderá ser mellorado ao alza por quen teña interese en explotar dita cafetería.

A duración é por un ano, prorrogable por outro, e non se poderán servir comidas.

Os que estean interesados en participar nesta licitación, poderán consultar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e mais o Prego de Prescricións Técnicas que rexerán esta contratación, na Casa Consistorial, en días laborables de luns a venres, de 9,00 a 14,00h.

As plicas presentaranse no mesmo horario conforme se establece no artigo 5 do referido Prego de Cláusulas Administrativas e o prazo para presentalas remata o día 16 de xuño de 2016, inclusive. As proposicións abriranse o día 17 de xuño de 2016, ás 12,00 horas.

As Neves, 3 de xuño de 2016.

Asinado electronicamente